



O futuro da loita contra a resistencia na gandería española: os retos do novo PRAN 2019-2021

Presentamos o segundo Plan Nacional fronte á Resistencia aos Antibióticos (PRAN), que acaba de aprobarse para a súa implementación entre 2019 e 2021 co obxectivo de darlle continuidade ao traballo xa desenvolvido en España no ámbito da resistencia bacteriana.

Cristina Muñoz Madero¹, Sara Sacristán Álvarez²

¹Coordinadora do Plan Nacional fronte á Resistencia aos Antibióticos (PRAN) na Área de Sanidade Animal

²Técnica veterinaria do Plan Nacional fronte á Resistencia aos Antibióticos (PRAN)

A resistencia aos antibióticos expón un dos desafíos globais máis destacados para a saúde pública. Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), este

fenómeno xa alcanzou niveis alarmantes en moitas partes do mundo. A resistencia bacteriana xa comporta unha pesada carga social e económica; estímase que as infeccións

por bacterias resistentes causan un total de 33.000 mortes anuais só na Unión Europea (UE) e máis de 700.000 mortes ao ano en todo o mundo.

En xuño de 2017 publicouse o novo Plan de Acción da UE sobre resistencia aos antibióticos, que ten como obxectivos fundamentais converter a UE nunha rexión modelo en materia de boas prácticas: impulsar a investigación, o desenvolvemento e a innovación co fin de encher as lagoas de coñecemento actuais e intensificar os esforzos da UE en todo o mundo para elaborar a axenda mundial de loita contra a resistencia aos antibióticos e os riscos asociados a ela nun mundo cada vez máis interconectado.

En 2014 a Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios (AEMPS) impulsou a creación dun plan estratéxico e de acción para reducir o risco de selección e diseminación de resistencias aos antibióticos, mobilizando a todos os profesionais involucrados e dando cumprimento ao requirimento da Comisión Europea. Así púxose en marcha o Plan Nacional fronte á Resistencia aos Antibióticos (PRAN). Tras unha primeira fase desenvolvida no período 2014-2018, o segundo PRAN acaba de aprobarse para a súa implementación entre 2019 e 2021.

Entre os avances máis destacados deste plan nacional, coordinado co

apoio permanente dos Ministerios de Sanidade e Agricultura, destacan fitos como a aprobación do Sistema Nacional de Vixilancia de Infeccións Relacionadas coa Asistencia Sanitaria (IRAS) ou a implementación dos Programas de Optimización de Uso de Antibióticos (PROA) en hospitais e Atención Primaria.

Na área de sanidade animal destacan o desenvolvemento do “Acordo para a Redución Voluntaria do Consumo de Colistina no Sector do Gando Porcino” e a mellora da recollida de datos de vendas, que permitiron achegar datos a nivel de comerciante polo miúdo para reflectir mellor a realidade.


Cando se trata de I+D enfocada tanto en prevención e diagnóstico como en obtención de novas terapias antimicrobianas, vale a pena sinalar a participación na Iniciativa de Programación Conxunta sobre Resistencia aos Antimicrobianos (JPI-AMR), así como o apoio ao lan-

zamento do Hub AMR Global R&D (G20) durante a Asemblea Mundial da Saúde que se celebrou o pasado mes de maio en Xenebra. Ademais, España participa na Acción Conxunta Europea sobre Resistencia Antimicrobiana e Infeccións asociadas á asistencia sanitaria (EU-JAMRAI) como líder de tres paquetes de traballo.

A formación dos profesionais sanitarios e a comunicación dirixida ao público xeral e específico desempeñan un papel moi relevante no PRAN e supoñen o núcleo da maioría das estratexias para reducir o uso inadecuado de antimicrobianos.

O novo PRAN 2019-2021 mantén como prioridades en materia de sanidade animal a mellora da vixilancia do consumo de antibióticos veterinarios e resistencias, e a implementación e consolidación dos programas de redución do uso de antibióticos nas principais especies animais do ámbito nacional. ►►

► ESTÍMASE QUE AS INFECCIÓNS POR BACTERIAS RESISTENTES CAUSAN MÁIS DE 700.000 MORTES AO ANO EN TODO O MUNDO



¡Elige dermoprotección!

La gama más completa de selladores para PRE y POST-DIPPING



Máxima protección de la piel

Dermoprotectores, hidratantes, suavizantes... y ahora con aceite de Rosa Mosqueta

Mayor desinfección para el ganado

Ácido láctico, yodo, clorhexidina y dióxido de cloro / ácido láctico

Adaptabilidad total a sus necesidades

Efecto anti-croqueta, repelente de insectos, efecto frío, aplicación en espuma, spray o copa,...



alimentaria@proquimia.com
www.proquimia.com



► A FORMACIÓN DOS PROFESIONAIS SANITARIOS SUPÓN O NÚCLEO DA MAIORÍA DAS ESTRATEXIAS PARA REDUCIR O USO INADECUADO DE ANTIMICROBIANOS

A vixilancia do consumo en saúde animal realízase mediante o proxecto ESVAC (European Surveillance of Veterinary Antimicrobial Consumption), que desenvolve unha análise anual das vendas nacionais de antibióticos veterinarios. Esta análise, xunto coa do resto dos países membros, preséntase nun informe anual de vendas en Europa.

No último informe ESVAC, publicado en outubro de 2018 e correspondente ás vendas de antibióticos veterinarios en 2016, España presentou un consumo total de 362 mg/PCU, polo que se sitúa no segundo país con maiores vendas. A pesar desta posición na *ranking* europeo, obsérvase un esperanzador descenso do 14 % nas vendas totais de antibióticos desde 2014 (ano de inicio do PRAN) e un descenso individual das vendas de tetraciclina, macrólidos e, sobre todo, colistina. Os datos correspondentes ás vendas de antibióticos veterinarios en 2017 están en proceso de validación, pero prevese outro notable descenso que se correspondería coas medidas levadas a cabo no marco do PRAN durante ese ano.

Con relación á vixilancia de resistencias, a EFSA e o ECDC, por encargo da Comisión Europea, recopilan e analizan cada ano a información de todos os Estados membros en relación ás zoonoses ao que cada país contribúe cun informe sobre a situación no seu territorio. Tendo en conta os perfís de multi-resistencia, os resultados sitúannos entre os 10 países con maior número de cepas multirresistentes para as especies bacterianas analizadas, especialmente nos sectores do pavo e o porco.

Con todo, existen lagoas no coñecemento dos datos de resistencias de bacterias patóxenas clínicas obtidas de animais sans. Para abordar

esta necesidade de información, o novo PRAN inclúe un proxecto para o desenvolvemento dunha Rede de Recollida de Información de Datos de Resistencia en Bacterias Patóxenas Clínicas en Animais, ligada a un sistema de axuda ao prescriptor para realizar o diagnóstico e o test de sensibilidade con recomendacións de tratamento específicas para cada granxa e brote.

O EXEMPLO DO SECTOR PORCINO E A COLISTINA

A Axencia Europea do Medicamento (EMA) recomendou en 2013 realizar un uso responsable da colistina en animais e limitar o uso deste antibiótico a animais enfermos, nunca como preventivo ou profiláctico. Ademais, a EMA subliñou a importancia de establecer un sistema adecuado de vixilancia da resistencia a este antibiótico e controlar o seu uso en animais en función da situación.

En xullo de 2016 a EMA publicou o documento sobre o uso de colistina na UE, onde se estableceu un limiar máximo de uso de 5 mg/PCU, que os Estados membros deberán alcanzar nun período de tres anos, sendo desexable chegar a 1 mg/PCU. Como resposta a este documento, reuníronse na sede da AEMPMS representantes das asociacións nacionais de veterinarios e profesionais do sector de produción porcina para crear o denominado “Acordo para a Redución Voluntaria do Consumo de Colistina no Sector do Gando Porcino”.

As asociacións comprometéronse a difundir o acordo e a concienciar o sector sobre a problemática relacionada co uso inadecuado da colistina. Ademais, prestaron toda a súa colaboración para a creación do Programa Reduce Colistina e a súa difusión. As metas principais do acordo foron reducir o consumo de colistina en produción porcina co obxectivo cuantitativo de 5 mg/PCU no período máximo de tres anos, así como controlar o consumo alternativo de antibióticos, evitando o aumento do consumo de neomicina e/ou apramicina como posibles substitutos.

Un total de 55 empresas adheríronse a este acordo durante os

últimos dous anos e cumpriron os compromisos establecidos, o que supón unha adhesión ao programa de máis do 80 % da produción do porcino nacional. Os datos achegados ata a data (anos 2015, 2016, 2017 e 2018) reflicten que o consumo de colistina diminuíu de 51,09 mg/PCU en 2015 a 1,44 mg/PCU a finais de 2018, unha redución no consumo do 97 %.

O consumo de neomicina tamén sufriu un notable descenso: de 38,83 mg/PCU en 2015 a 12 mg/PCU en 2017. O consumo de apramicina mantívose moi baixo e relativamente constante, cun pequeno aumento, o cal indica que debe manterse a vixilancia do seu consumo.

Dende o inicio do acordo, a implicación do sector foi total, constante e voluntaria; isto supuxo unha difusión masiva da problemática que rodea o uso da colistina en España e unha mellora no grao de concienciación moi importante das empresas produtoras. As empresas adheridas ao acordo están a mellorar a xestión dos seus programas sanitarios enfocándoos a un uso prudente de colistina e evitando o uso alternativo de neomicina e apramicina. Está a mellorarse a bioseguridade e a hixiene das explotacións e estase enriquecendo o manexo dos animais máis susceptibles de sufrir enfermidades infecciosas tratables con colistina, como os leitóns e os porcos de ceiba.

OBXECTIVOS NO SECTOR BOVINO

Á luz do éxito obtido co Programa Reduce en porcino e tras avaliar o estado do resto dos sectores en relación ao consumo de antibióticos, o PRAN puxo en marcha acordos similares cos representantes dos principais sectores de produción animal: bovino, avicultura, cunicultura, ovino e caprino.

Os obxectivos destes acordos son, primordialmente, reducir o consumo total de antibióticos, definir e implantar pautas de manexo e tratamento con base científica para un uso máis racional destes, que evite a proliferación das resistencias e servir de exemplo e experiencia para outras ganderías.

No sector bovino asinouose o “Acordo para o Uso Razoable dos Antibióticos en Bovino de Carne e Bovino de Leite”. No caso do bovino de ►

TAN SOLO
96 HORAS
DE SUPRESIÓN
EN LECHE Y 6
DÍAS EN CARNE



PROACTIVE

BENCILPENICILINA PROCAINA 300 MG/ML



PROACTIVE 300 MG/ML

Suspensión inyectable
para bovino y porcino



COMPOSICIÓN POR ML: Bencilpenicilina procaína monohidrato 300 mg/ml (equivalente a 170 mg de bencilpenicilina). Excipientes: Metilparahidroxibenzoato de sodio (E219) 1.25 mg/ml. **INDICACIONES:** Tratamiento de infecciones sistémicas en bovino y porcino (con peso superior a 25 kg) causadas por bacterias sensibles a penicilina. **ESPECIES DE DESTINO:** Bovino y porcino (con peso superior a 25 kg). **VÍA DE ADMINISTRACIÓN Y POSOLOGÍA:** Intramuscular. La dosis recomendada es de 10 mg de bencilpenicilina procaína por kg de peso vivo (equivalente 5,66 mg de bencilpenicilina por kg de peso vivo) equivalente a 1 ml por 30 kg de peso vivo al día durante 3-5 días. No inyectar más de 2,5 ml por punto de inyección en porcino. No inyectar más de 12 ml por punto de inyección en bovino. Si no se observa respuesta clínica en 3 días, realizar un nuevo diagnóstico y cambiar el tratamiento si es necesario. Debe determinarse el peso de los animales con la mayor exactitud posible para asegurar la dosis correcta y evitar infradosificación del medicamento. **TIEMPOS DE ESPERA:** Porcino: Carne: 6 días. Bovino: Carne: 6 días; Leche: 96 horas (4 días). **PRESENTACIONES:** Vial con 100 y 250 ml. **Nº DE REGISTRO:** 3759 ESP

carne xa se estableceron obxectivos específicos: eliminar por completo o uso sistemático das premesturas medicamentosas con antibióticos na súa composición; limitar o uso de antibióticos en solución oral a necesidades clínicas definidas e xustificadas, e determinar os mellores antibióticos para cada patoloxía.

O sector do bovino de leite identificou compromisos para cada un dos integrantes do acordo (gandeiro, veterinario, cooperativa etc.), que deben cumprir non só co obxectivo de reducir o uso de antibióticos, senón tamén co de diminuír a necesidade de usalos.

É importante destacar os compromisos que adoptan os diferentes integrantes dos acordos, xa que os sectores son multidisciplinares. As asociacións débennles proporcionar información e formación aos veterinarios sobre a gravidade do problema da resistencia e medidas que se poden instaurar nas explotacións para reducir a necesidade de uso dos antibióticos, ademais de fomentar a adhesión entre os seus socios.

Como responsable da explotación, o gandeiro debe designar o veterinario responsable das pres-

cricións na súa granxa e non utilizar máis medicamentos que os prescritos por este profesional, así como estar disposto a ser asesorado e mellorar na medida do posible a xestión, o manexo e a bioseguridade da explotación. Pola súa banda, o veterinario debe seguir as pautas de “boas prácticas” específicas para a prescripción de antibióticos co fin de conseguir o obxectivo marcado.

CONSUMO E PRESCRICIÓN: COMO PODEMOS MELLORAR?

O PRAN conta entre as súas prioridades mellorar o coñecemento do consumo de antibióticos veterinarios, tanto no ámbito das vendas coma nas propias granxas, co fin de identificar consumos elevados en explotacións ou sectores produtivos, analizar as causas do devandito consumo e poder traballar nas áreas específicas onde existe marxe de mellora.

Outro reto importante será facilitarles aos veterinarios clínicos a través do módulo de consultas da base de datos PRESVET a posibilidade de coñecer os seus datos de prescripción en comparativa co resto dos prescri-

tores para que tomen conciencia das súas prácticas de prescripción e, se é necesario, adopten unha nova actitude na súa rutina.

É fundamental poder definir indicadores de referencia (consumo total, consumo de antibióticos de importancia crítica para a saúde humana etc.) e poder utilizalos para avaliar o impacto das medidas adoptadas. Todas estas medidas –tamén os Programas Reduce– facilitarán a identificación de explotacións cun consumo de antibióticos notablemente inferior á media, o que contribuirá a identificar boas prácticas.

A colaboración de todos os implicados é moi necesaria para pór en marcha todas estas iniciativas de maneira urxente e coordinada no ámbito local, nacional e internacional. Estas medidas implican o compromiso total de toda a cidadanía e todos os profesionais que traballan nas áreas de saúde humana, sanidade animal e medio ambiente. O denominado enfoque *one health* ou para “unha única saúde” é o único camiño posible a seguir na procura de solucións fronte ao problema da resistencia. Consegui- que os antibióticos sigan funcionando está en mans de todos. ■



O gandeiro debe estar disposto a ser asesorado e mellorar na medida do posible a xestión, o manexo e a bioseguridade da explotación